

PLATAFORMA **GALEGA** EN DEFENSA DO **ENSINO PÚBLICO**

9 de marzo
Todos e todas á folga!!!

Non á LOMCE!
Non aos recortes!
Lei galega de educación!

Unha vez máis é necesario que nos mobilicemos en defensa do ensino público galego, reclamando a derogación plena da LOMCE e unha lei galega de educación ante a posibilidade de que se elabore un pacto entre as forzas políticas estatais que prexudique gravemente a situación do noso ensino. Este pacto mantería os principios fundamentais da LOMCE e o que é peor, blindaríaos para os vindeiros anos.

Ante o éxito da xornada de folga do 16 de febreiro temos que volver saír á rúa desde unha óptica centrada no país e na súa realidade educativa. En Galiza non sufrimos os recortes do mesmo xeito que no resto do Estado e o noso ensino ten necesidades específicas pola nosa realidade diferenciada. Por iso é fundamental a participación masiva na folga que a **Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público acordou convocar para o día 9 de marzo en todos os niveis educativos do ensino de Galiza**, mantendo as nosas reivindicacións e accións propias que dan continuidade ás que xa vimos realizando, concretadas en manifestacións en diferentes localidades ás 11.30 horas.

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público está comprometida en continuar na loita contra a LOMCE até a súa derogación definitiva e en paralizar os recortes que están desmantelando o ensino público.

Grazas ás permanentes e importantes mobilizacións e folgas que levamos a cabo, fomos capaces de paralizar a aplicación das reválidas en 6º de Primaria, 4º de ESO e 2º de Bacharelato. Mais temos presente que **a LOMCE segue vixente e as reválidas adiadas, non derogadas, até coñecer o resultado do “pacto pola educación”**.

O PP continúa obstinado na súa aplicación, malia o rexeitamento maioritario e a decisión do Congreso dos Deputados de paralizala. Consideramos, por tanto, que é necesario seguir na loita como única maneira de conseguir a derogación definitiva da LOMCE, a desaparición das reválidas, a paralización dos recortes no ensino público, a restitución de todos os dereitos que lle foron arrebatados ao profesorado e a mellora do ensino público.

Temos razóns mais que sobradas para **denunciar o engano e a farsa** que supón o punto de arranque do chamado **“pacto pola educación”** proposto polo PP, cuxo obxectivo non é outro que **consolidar os principios e fundamentos da LOMCE**, revestidos agora da auréola do “pacto pola educación”.

O punto de partida, a concepción do mesmo, o procedemento e os obxectivos que persegue procuran un modelo educativo neoliberal, confesional, cada vez máis españolizado e

profundamente mercantilizado, no que a relixión seguirá sendo materia curricular. A privatización continuará mediante os concertos en todos os ámbitos educativos e o ensino será cada vez máis elitista e segregador. Hai que desenmascarar todo esta armazón propagandística que o único que pretende é facer máis presentábel socialmente a aplicación da LOMCE.

Calquera acordo educativo ten que partir, como mínimo, dun amplo debate social e de participación de todas as organizacións e entidades, tanto sociais como políticas, sindicais e educativas.

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público exige:

- **A derogación da LOMCE** e das súas reválidas e a elaboración dunha lei galega de educación.
- **A defensa inequívoca do ensino público, galego, laico, coeducativo e gratuíto.**
- **O recoñecemento e asunción da pluralidade nacional**, cultural e lingüística do Estado para poder conformar un sistema educativo galego, enraizado na nosa realidade social, cultural, histórica e lingüística.
- Compromiso de **dedicar o 7% do PIB** á Educación.
- **A eliminación inmediata das subvencións aos centros que segregan alumnado** por razón de xénero, co obxectivo de suprimir os concertos no ensino non obrigatorio e continuar co resto dos concertos educativos para conseguir unha única rede, a pública.
- **Redución das ratios** máximas do alumnado por aula: 15 en educación infantil e 20 no resto dos niveis educativos e a redución destas cando se escolarice alumnado con necesidades especiais.
- Gratuidade e oferta pública suficiente de **prazas en educación infantil de 0 a 3 anos.**
- **Derogación do Decreto 79/2010 de plurilingüismo** e elaboración dunha nova norma que garanta a vehiculización do ensino en galego para a plena normalización lingüística.
- **Eliminación da materia de Relixión do currículo escolar.**
- **Restitución de todos os dereitos arrebatados** ao profesorado (horario, salarios etc.)
- Dotación de suficiente profesorado en todos os niveis educativos que garantan a atención á diversidade e a unha educación adecuada, co persoal necesario, ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Dotación doutro persoal necesario nos centros (persoal coidador, sanitario, educador social, etc.)
- **Oferta ampla de emprego** e supresión das taxas de reposición para dar resposta ás necesidades de profesorado dos centros e rematar coa precariedade e temporalidade do profesorado.
- Obrigatoriedade de dotar todos os centros públicos de persoal administrativo.
- Garantirase a **gratuidade dos libros de texto** e do material didáctico na educación infantil e obligatoria e do servizo de comedor escolar.
- **Xestión democrática dos centros**, ampliación e mellora da participación do profesorado, elección democrática dos cargos directivos, traslado das competencias pedagóxicas ao claustro e facer do Consello Escolar un órgano colexiado de participación da comunidade escolar. Isto é, democratizar a escola e xestionala coa participación e corresponsabilidade de todos e todas.
- **Incremento de bolsas de estudo** e das súas contías. A carencia de recursos non debe comportar a imposibilidade de estudar.
- **Non á aplicación do 3+2 no ensino universitario** por reducir a duración dos graos a 3 anos e os mestrados a 2 anos, que supón, entre outras cuestións, un encarecemento dos estudos universitarios.
- A modificación lexislativa necesaria para que as ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse á universidade.
- Elaboración dun plan específico de apoio ao ensino no rural.

- Un **plan de actuación integral** nos centros educativos, co obxecto de solucionar todas as carencias e necesidades, e dotalos de todas as dependencias e instalacións precisas, así como tomar as medidas necesarias para evitar calquera risco na saúde da comunidade escolar (amianto, radon, etc.)

O 9 de marzo, ás 11.30 horas, participa nas mobilizacións da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público:

A Coruña: Praza de Vigo

Ferrol: Praza de España

Lugo: Praza da Horta do Seminario

Ourense: Subdelegación do Goberno

Pontevedra: Praza da Peregrina

Santiago: Alameda

Vigo: Praza dos Cabalos